<ul style="list-style-type: none"> - O traballo filosófico. - Uso e análise crítico de fontes. - O traballo con textos filosóficos: comprensión e interpretación. - O traballo con materiais non filosóficos: a identificación de problemas filosóficos. - A argumentación sólida como base do pensamento e o diálogo filosóficos. - A investigación e a disertación filosóficas. - O sentido da filosofía no século XXI. - Sentido e finalidade da filosofía. - A vixencia da reflexión filosófica ante os retos do século XXI. - Novos temas e áreas actuais de investigación filosófica. - O ser humano como animal político. - Os fundamentos da organización social e do poder político: naturalismo, iusnaturalismo e contractualismo.

Contidos

- Definición do político: legalidade e lexitimidade.
- Os principios políticos fundamentais: igualdade e liberdade; individuo e Estado; traballo, propiedade e distribución da riqueza.
- O debate político contemporáneo: liberalismo, utilitarismo e comunitarismo.
- Cidadanía e Estado de benestar.
- Xustiza e democracia.
- A xustiza como problema filosófico.
- A reflexión filosófica sobre a democracia.
- Ideais, utopías e distopías.
- Os movementos sociais e políticos.
- O feminismo e a perspectiva de xénero.

UD	Título da UD	Duración
7	A antropoloxía	13

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Adquirir e demostrar un coñecemento significativo das ideas e teorías filosóficas sobre o ser humano, o fundamento, valor e sentido da súa existencia e a súa realidade, dalgunhas das máis importantes pensadoras e pensadores da historia, mediante a aplicación e a análise crítica daquelas no contexto da práctica individual ou colectiva da indagación filosófica.	Elaboración aceptable dos cuestionarios con preguntas a desenvolver na que se amose o dominio da materia, ao menos nas cuestións máis importantes. Aмосa un coñecemento aceptable dos contidos da unidade distinguindo con claridade os conceptos fronte a cuestións de selección.	PE	70
CA1.3 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica e desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, deseño, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais en forma de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros discursos argumentativos, orais e escritos, sobre cuestións e problemas filosóficos, demostrando un uso correcto de normas e pautas lóxicas, retóricas e argumentativas.	Elaboración aceptable dos cuestionarios con preguntas a desenvolver na que se amose o dominio da materia, ao menos nas cuestións máis importantes.	TI	30

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Xerar unha concepción complexa e non dogmática do que supón a filosofía como saber fundamental, crítico e universal, distinguíndoo doutros saberes e actividades humanas, e valorando a súa vixencia no momento actual, comprendendo os pensamentos sobre o momento actual como froito dun proceso dinámico e sempre aberto de reflexión e diálogo filosófico.	Amosa unha perspectiva actual, aberta e non dogmática á resolución das preguntas filosóficas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - As ausencias de colectivos e as posibles discriminacións que cuestionan a tradición. - Filosofía e eurocentrismo: a discriminación étnico-cultural. - O traballo filosófico. - Uso e análise crítico de fontes. - O traballo con textos filosóficos: comprensión e interpretación. - O traballo con materiais non filosóficos: a identificación de problemas filosóficos. - A argumentación sólida como base do pensamento e o diálogo filosóficos. - A investigación e a disertación filosóficas. - O ser humano como suxeito da experiencia filosófica e como obxecto principal da reflexión filosófica. - As grandes concepcións filosóficas sobre o ser humano. - A filosofía e a existencia humana. - O debate sobre a xénese e a definición da natureza humana. - A especificidade natural do Homo sapiens. - Os condicionantes históricos, sociais e culturais que nos fan ser como somos. - Personalidade e identidade persoal. - A estrutura psicosomática da personalidade. - Ámbitos do psiquismo: sensibilidade, emotividade, desexos, volición e facultades cognitivas. - Consciencia e linguaxe. - O problema da identidade persoal: tipos e modos de identidade. - Máis alá dos límites humanos. A especulación sobre o transhumanismo.

UD	Título da UD	Duración
8	A lóxica	9

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Recoñecer a radicalidade e transcendencia dos problemas filosóficos mediante o seu recoñecemento, análise e reformulación en textos e outros medios de expresión, tanto filosóficos como literarios, históricos, científicos, artísticos ou relativos a calquera outro ámbito cultural.	Resolución aceptable das táboas de verdade e deducións lóxicas.	PE	70
CA2.2 - Afrontar cuestións e problemas complexos, de carácter fundamental e de actualidade, de modo interdisciplinario, sistemático e creativo, utilizando conceptos, ideas e procedementos provenientes de distintos campos do saber, e orientándoos e articulándoos criticamente desde unha perspectiva filosófica.	Resolución aceptable da identificación de falacias.		
CA1.3 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica e desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, deseño, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais en forma de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros discursos argumentativos, orais e escritos, sobre cuestións e problemas filosóficos, demostrando un uso correcto de normas e pautas lóxicas, retóricas e argumentativas.	Elaboración aceptable dos cuestionarios con preguntas a desenvolver na que se amose o dominio da materia, ao menos nas cuestións máis importantes.	TI	30
CA1.5 - Xerar unha concepción complexa e non dogmática do que supón a filosofía como saber fundamental, crítico e universal, distinguíndoo doutros saberes e actividades humanas, e valorando a súa vixencia no momento actual, comprendendo os pensamentos sobre o momento actual como froito dun proceso dinámico e sempre aberto de reflexión e diálogo filosófico.	Amosa unha perspectiva actual, aberta e non dogmática á resolución das preguntas filosóficas referidas á lóxica.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica e desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, deseño, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais en forma de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros discursos argumentativos, orais e escritos sobre cuestións e problemas filosóficos, demostrando un uso correcto de normas e pautas lóxicas, retóricas e argumentativas.	Resolución aceptable da identificación de falacias nos discursos políticos e na publicidade.		
CA2.4 - Promover o contraste e intercambio de ideas e a práctica dunha cidadanía activa e democrática a través da participación en actividades grupais, en especial o exercicio do diálogo racional, respectuoso, aberto e construtivo, sobre cuestións e problemas filosoficamente relevantes, diálogo no que detectar e evitar modos dogmáticos, falaces e nesgados de soste opinións e hipóteses, recoñecendo a importancia da cooperación, o compromiso coa busca da verdade, o respecto á pluralidade e o rexeitamento de toda actitude discriminatoria ou arbitraria, aplicando os devanditos principios á práctica argumentativa e ao diálogo cos demais.	Resolución aceptable da identificación de falacias nas diversas formas de discriminación étnica e social.		
CA2.7 - Comprender e apreciar a importancia da solidez e validez das formas argumentativas, a partir da súa análise tanto formal como informal, e identificar as falacias e os nesgos que se poden encontrar en textos ou documentos pertencentes a ámbitos culturais diversos, como usos argumentativos ilexítimos, explicando a natureza ou mecanismo das devanditas falacias e nesgos.	Elaboración aceptable dos cuestionarios con problemas lóxicos e identificación de falacias.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O traballo filosófico. - Uso e análise crítico de fontes. - O traballo con textos filosóficos: comprensión e interpretación. - O traballo con materiais non filosóficos: a identificación de problemas filosóficos. - A argumentación sólida como base do pensamento e o diálogo filosóficos. - A investigación e a disertación filosóficas. - O razoamento e a argumentación.

Contidos
- A argumentación formalmente válida: a lóxica formal. Simbolización, táboas de verdade, e dedución natural da lóxica proposicional. - A argumentación informal. - A argumentación incorrecta: falacias e nesgos cognitivos.

UD	Título da UD	Duración
9	A estética	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Recoñecer a radicalidade e transcendencia dos problemas filosóficos mediante o seu recoñecemento, análise e reformulación en textos e outros medios de expresión, tanto filosóficos como literarios, históricos, científicos, artísticos ou relativos a calquera outro ámbito cultural.	Elaboración aceptable de comentarios de texto filosóficos na que se siga a estrutura establecida de tema, contexto, comentario, comparacións e conclusión.	PE	70
CA3.2 - Afrontar cuestións e problemas complexos, de carácter fundamental e de actualidade, de modo interdisciplinario, sistemático e creativo, utilizando conceptos, ideas e procedementos provenientes de distintos campos do saber, e orientándoos e articulándoos criticamente desde unha perspectiva filosófica.	Elaboración aceptable de cuestións a desenvolver na que se amose o dominio da materia, ao menos nas cuestións máis importantes.		
CA3.7 - Desenvolver a sensibilidade e a comprensión crítica da arte e outras manifestacións e actividades con valor estético mediante o exercicio do pensamento filosófico sobre a beleza e a creación artística, contribuíndo así á educación dos sentimentos e ao desenvolvemento dunha actitude reflexiva con respecto á linguaxe e sentido das imaxes, e xerando un adecuado equilibrio entre o aspecto racional e emotivo na consideración destes problemas filosóficos do ámbito da estética, a través da reflexión expresa arredor da arte, e doutras actividades ou experiencias con valor estético, e a análise do papel das imaxes e a linguaxe audiovisual na cultura contemporánea.	Elaboración aceptable de comentarios de texto filosóficos na que se siga a estrutura establecida de tema, contexto, comentario, comparacións e conclusión. Énfase en especial na opinión persoal expresada nos comentarios onde se amose a súa concepción crítica en torno aos temas tratados.		
		TI	30

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
<p>CA1.3 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica e desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, deseño, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais en forma de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros discursos argumentativos, orais e escritos, sobre cuestións e problemas filosóficos, demostrando un uso correcto de normas e pautas lóxicas, retóricas e argumentativas.</p>	<p>Elaboración aceptable dos cuestionarios con preguntas a desenvolver na que se amose o dominio da materia, ao menos nas cuestións máis importantes.</p>		
<p>CA1.5 - Xerar unha concepción complexa e non dogmática do que supón a filosofía como saber fundamental, crítico e universal, distinguíndoo doutros saberes e actividades humanas, e valorando a súa vixencia no momento actual, comprendendo os pensamentos sobre o momento actual como froito dun proceso dinámico e sempre aberto de reflexión e diálogo filosófico.</p>	<p>Amosa unha perspectiva actual, aberta e non dogmática á resolución das preguntas filosóficas.</p>		
<p>CA3.3 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica e desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, deseño, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais en forma de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros discursos argumentativos, orais e escritos, sobre cuestións e problemas filosóficos, demostrando un uso correcto de normas e pautas lóxicas, retóricas e argumentativas.</p>	<p>Elaboración aceptable dos cuestionarios con preguntas a desenvolver na que se amose o dominio da materia, ao menos nas cuestións máis importantes. Amosa un coñecemento aceptable dos contidos da unidade distinguindo con claridade os conceptos fronte a cuestións de selección.</p>		
<p>CA3.4 - Promover o contraste e intercambio de ideas e a práctica dunha cidadanía activa e democrática a través da participación en actividades grupais, en especial o exercicio do diálogo racional, respectuoso, aberto e construtivo sobre cuestións e problemas filosoficamente relevantes, diálogo no que detectar e evitar modos dogmáticos, falaces e nesgados de soste opinións e hipóteses, recoñecendo a importancia da cooperación, o compromiso coa busca da verdade, o respecto á pluralidade e o rexeitamento de toda actitude discriminatoria ou arbitraria, aplicando os devanditos principios á práctica argumentativa e ao diálogo cos demais.</p>	<p>Participación aceptable nos debates sobre filosofía da arte, que amose capacidade dialóxica e apertura á pluralidade de perspectivas.</p>		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- O traballo filosófico.
- Uso e análise crítico de fontes.
- O traballo con textos filosóficos: comprensión e interpretación.
- O traballo con materiais non filosóficos: a identificación de problemas filosóficos.
- A argumentación sólida como base do pensamento e o diálogo filosóficos.
- A investigación e a disertación filosóficas.
- Definición, ámbitos e problemas da estética: arte, beleza e gusto.
- Teorías sobre a beleza e a arte.
- Teorías clásicas e modernas sobre a beleza e a arte.
- Teorías e problemas estéticos contemporáneos.
- A relación do estético con outros ámbitos da cultura: a reflexión sobre a imaxe e a cultura audiovisual.
- A estética e as súas implicacións filosóficas coa ética e a política.
- Ética e estética.
- O papel político da arte.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía didáctica no Bacharelato debe favorecer a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo, para traballar en equipo e para aplicar os métodos apropiados de comentario e análise de texto, definición conceptual e, ademais, tamén debe establecer a relación dos aspectos teóricos das materias tanto ca vida cotiá como con outras materias. Os principais procedementos metodolóxicos que ten en conta o noso departamento para o enfoque didáctico da materia son os seguintes:

- Lectura de textos filosóficos e non filosóficos: O ensaio é o principal xénero utilizado en filosofía (aínda que a súa orixe dáse na propia Historia da Filosofía e non resulta recoñecible nos textos presocráticos nin nos diálogos de Platón). Lonxe de ser unha mera plasmación de opinións ou unha narración literaria, o ensaio presupón un metanivel discursivo de racionalidade crítica, onde as ideas deben ser argumentadas e virar ao redor dun referente problematizado. A lectura dun texto filosófico esixe que nos situemos nese metanivel reflexivo, para identificar o problema e o aparello conceptual e terminolóxico que serve para abordalo. A sincronía do pensamento, neste sentido, non é outra cousa que o exercicio da racionalidade crítica para valorar as teses propostas polo autor e abrilas e comparalas con outras posibilidades. Por outra banda, a lectura de textos non filosóficos (como artigos de prensa, entradas de enciclopedia etc.)/ etc.) realizarase sempre en función dos contidos tratados, para recompilar e completar información e para relacionar e asociar os contidos estritamente filosóficos.
- Comentario de textos filosóficos: Traballaremos o comentario de texto seguindo os pasos elementais: contextualización do texto na súa obra, da obra no autor e do autor

no seu contexto; identificación e definición de palabras chave; identificación da tese principal do texto e da argumentación que desenvolve o autor no mesmo; explicación da tese e da argumentación evitando parafrasear ao autor; relación da tese do texto coa filosofía do autor, para xustificar argumentativamente a súa coherencia dentro do marco do seu pensamento, sen usar xamais o texto como pretexto; comparación das teses do texto (ou da posición filosófica do autor) con outras concepcións filosóficas; valoración crítica da actualidade das ideas comentadas. O comentario de texto é o procedemento máis difícil e á vez o máis atractivo da materia, en tanto que permite desenvolver a creatividade e autonomía do alumnado, mellorar a súa expresión escrita, así como a súa retórica e capacidade argumentativa. Pero esixe constancia e práctica continua. O comentario de texto non é un envorcado de información sobre o autor: require a comprensión previa da súa filosofía e a hermenéutica creativa para desmenuzar, analizar e presentar o seu sentido.

- **Análise de conceptos filosóficos:** Por unha banda, consideramos moi conveniente o recurso constante aos dicionarios filosófico e filolóxico, á hora de lograr definicións rigorosas e á vez recoñecer a importancia da etimoloxía. Por outra banda, seguiremos o cognitivismo habermasiano á hora de procurar sempre unha confrontación entre os preconceptos do alumnado acerca de certa noción (a democracia, por exemplo) e os conceptos do modelo explicativo que se lles pretende transmitir. É importante que o alumnado salga en por si da situación de inxenuidade poñendo a proba as súas preconcepciones e comparándoas progresivamente cos modelos filosóficos de explicación racional ao redor dunha problemática concreta. Trátase de non substituír uns por outros, senón de realizar unha valoración crítica (ver as vantaxes e desvantaxes) na aplicación de ambos.
- **O dicionario filosófico:** Ademais de consultar o dicionario de filosofía, ao longo do curso o alumnado irá xerando un glosario de termos e expresións que deberá compilar, unidade a unidade, en forma do seu propio dicionario da materia. Unha boa proposta para o desenvolvemento deste procedemento é propoñer a lista de termos ao comezo de cada unidade, reservar tempo nunha sesión para a exposición das definicións recompiladas polo alumnado de forma autónoma e corrixilas na aula; por último, a entrega final das mesmas (xa corrixidas) ao final de cada unidade. Só ao final do curso o alumnado poderá reunilas todas e encadernar (ou editar dixital-mente, segundo o caso) o seu propio dicionario de Filosofía.
- **Análise filosófica de obras pictóricas e literarias:** Ao longo do curso presentaremos numerosas obras pictóricas e algúns textos literarios. Iso serviranos para comprobar a capacidade de dedución e de relación das ideas filosóficas a partir da visualización e da lectura de obras non filosóficas.
- **O diálogo socrático:** Trátase dun procedemento sobresaliente para traballar naqueles conceptos e problemáticas respecto a os cales o alumnado teña unha preconcepción ben definida, é dicir, alí onde o tópico funcione. Iso permitiranos problematizar o tópico e propoñer concepcións filosóficas razoadas, que á súa vez deberán problematizarse e valorarse criticamente. É habitual que o alumnado de 1º de bacharelato posúa nocións prerreflexivas acerca da xustiza, o ben, o amor, a democracia e mesmo a verdade. Por iso, iniciar o diálogo socrático a partir da análise destas preconcepciones, pode resultar

frutífero e favorece a sincronía do pensamento.

- A disertación filosófica: Basicamente consiste nun traballo de investigación sobre un tema traído a colación dos contidos abordados durante o curso, que pode ser proposto tanto polo profesor como polo propio alumno, e onde este deberá exercitar a súa capacidade de iniciativa e competencia dixital, buscando información relevante, de síntese desa información, de proposta dunha tese e de argumentación da mesma.
- O debate: A promoción de debates na aula será fundamental para conseguir o clima de racionalidade discursiva imprescindible en filosofía. Consideramos dous tipos de debate: os espontáneos, que dalgunha maneira xorden motivados polas dúbidas e o cuestionamiento vivo e directo; e os debates organizados, que requiren un traballo de documentación previo para que os participantes pronúnciense “con coñecemento de causa”. Loxicamente, estes últimos son máis rigorosos e necesitan ser pactados con anterioridade.
- Mapas conceptuais e cadros comparativos: A realización frecuente de mapas conceptuais e de cadros comparativos é imprescindible para comprobar as capacidades de sínteses, relación e dedución do alumnado.
- Uso de materiais audiovisuais: Ben sexa como recurso introdutorio ou para que o alumnado traballe a posteriori un cuestionario asociado, o uso de materiais audiovisuais ten unha interesante funcionalidade didáctica. Do mesmo xeito que coas obras narrativas (excepto aquelas que incluamos no Plan Lector e nas actividades interdisciplinarias), durante o proceso de ensino-aprendizaxe aludirase a numerosas películas e documentais como recomendacións para que o alumnado explore fose da aula por iniciativa propia.
- Exposicións orais e presentacións: Ler en voz alta as creacións escritas, preparar os discursos nos debates programados e presentar os traballos apoiándose na proxección de mapas conceptuais, cadros comparativos e imaxes, non só é básico para desenvolver a parte oral das competencias lingüísticas e descubrir as estratexias da oratoria, senón que serve tamén para a autocorrección do alumnado á hora de expor as súas achegas con claridade expositiva. A persuasión como elemento esencial do discurso, non só escrito, senón tamén oral, non debe ser menosprezada, xa que permite captar a atención e aumenta a función pedagóxica.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Aula Virtual
Apuntamentos
Biblioteca Dixital

Os materias básicos son a Aula Virtual que imos empregar tanto para traballar (terán que subir actividades) como para consultar todo o material de consulta da materia, os apuntamentos elaborador polo profesor que serán os contidos centrais do curso e por último a biblioteca dixital que atopamos na Aula Virtual e na que se atopan decenas de obras filosóficas de consulta como ampliación sobre os diversos temas tratados na materia.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial ao ser un grupo reducido de bacharelato de adultos realízase no primeiro día de clase de forma oral preguntándolles polo que coñecen da filosofía e sobre os seus intereses e gustos.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	12	12	12	12	10	12	12	9	9	100
Proba escrita	70	70	70	70	70	70	70	70	70	70
Táboa de indicadores	30	30	30	30	30	30	30	30	30	30

Criterios de cualificación:

En cada UD asignarase o seguinte porcentaxe a cada un dos instrumentos de avaliación:

1. Exame (70%). 2. Actividades (30%)

Ademais terase en conta no caderno do profesor a actitude proactiva do alumnado a participar, dar a súa opinión e facer as actividades á hora de redondear a súa nota sempre con carácter positivo.

Por outro lado hai dúas formas de subir nota de forma extraordinaria.

Por unha banda pódense facer traballos filosóficos en relación as Olimpíadas de Filosofía que sumarán ata 1 punto na nota do trimestre.

Por outra banda tamén poderá haber outros traballos ou actividades para subir nota que o profesor especificará en cada caso.

Criterios de recuperación:

Haberá unha proba final ordinaria á que se poderá presentar todo o alumnado que o desexe para subir nota da parte corresponde aos exames (contaráse a nota máis alta), ou ben, por obriga aquel que teña que recuperar os contidos non superados. O modelo de exame serán preguntas teóricas en relación a todas as unidades e o alumno/a terá que elixir as correspondentes as partes suspensas ata un máximo de 5 preguntas de 2 puntos cada unha. Mais como dicimos só poderá recuperar a parte corresponde aos exames (70% da nota) xa que se lle mantén as notas dos cuestionarios e tests que tivese nesas avaliacións.

Haberá unha proba final extraordinaria na que o peso do exame será o 100% e no que os contidos serán os de todo o curso. O modelo de exame será o mesmo que na avaliación ordinaria. É dicir, serán preguntas teóricas en relación a todas as unidades e o alumno/a terá que elixir as correspondentes as partes suspensas ata un máximo de 5 preguntas de 2 puntos cada unha.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

En caso de ter o procedemento sería o seguinte:

1. Reunión a inicio de curso co alumnado con filosofía pendente para deseñar unha estatexia de superación da materia.
2. Reunións periódicas cada 2 meses ou a petición do alumnado para ver como van e que dúbidas teñen.
3. Realización de exames parciais das unidades trimestralmente, cun primeiro en novembro, un segundo en xaneiro e un terceiro en abril. Estes exames seguen o modelo de exame ordinario consistente nun comentario de texto e unha pregunta a desenvolver entre dúas opcións propostas.
4. En caso de aprobar todos os exames parciais o alumno ou alumna tería recuperada a materia e en caso contrario deberá presentarse a un exame final en maio no que lle entren os contidos que non fosen superados. En caso de suspender todos os parciais irá a un exame final similar ao exame extraordinario. Nel vai haber dúas opcións (A e B) co seu correspondente texto (valorado en 6 puntos) e asociados a 3 preguntas a desenvolver (valoradas en 4 puntos) das que terá que escoller unha. Con este modelo búscase darlle máis optabilidade ao alumnado tendo en conta que lle poden caer todos os contidos.

6. Medidas de atención á diversidade

A consecución dos contidos e as destrezas implican en toda Programación Didáctica de Aula un especial seguimento da atención á diversidade. Tal como se recolle no Artigo 7 do DECRETO 86/2015 para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que requira unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH), polas súas altas capacidades intelectuais, por se incorporar tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, estableceranse as medidas curriculares e organizativas necesarias co fin de que poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos e competencias establecidas en cada etapa para todo o alumnado. Estas medidas terán que garantir que as condicións de realización das avaliacións se adapten ás necesidades do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo polos principios de normalización e inclusión e a intervención educativa precisa derivada desa valoración. Ao comezo do curso estudarase que tipo de concrecións metodolóxicas haberá que realizar en base a atención á diversidade requirida para cada grupo de primeiro de bacharelato. Tamén como sinalamos ao falar das concrecións metodolóxicas a propia natureza da materia permite que o alumnado con intereses diversos poida afondar nas cuestións que máis lles interese, o cal tamén dá opción ao alumnado de altas capacidades a realización de traballos de investigación e outras actividades que lle permitan realizarse máis aló do que vemos nas clases, permitindo así unha mellor atención a toda a diversidade da aula tanto en diverxencias neurolóxicas, como físicas, como de gustos e como de ritmos de aprendizaxe.

Ao tratarse de bacharelato de adultos terase en conta as carencias nalgúns casos de técnicas de estudo. Para facilitar o estudo entregaráselles a maiores do temario uns esquemas e resumos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Perspectiva de xénero. Procura da igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Auto-estima. Posta en valor do pensamento e da cultura galega	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Valores democráticos. Respecto e tolerancia ante as opinións diversas	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.4 - Pensamento crítico. Cuestionar toda perspectiva única	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9
ET.1 - Perspectiva de xénero. Procura da igualdade entre homes e mulleres	X
ET.2 - Auto-estima. Posta en valor do pensamento e da cultura galega	X
ET.3 - Valores democráticos. Respecto e tolerancia ante as opinións diversas	X
ET.4 - Pensamento crítico. Cuestionar toda perspectiva única	X

Observacións:

Ao longo de toda a materia procuraremos tocar de forma transversal a perspectiva de xénero, buscando a igualdade entre homes e mulleres, a auto-estima, ao por en valor o pensamento e a cultura galega, os valores democráticos, fomentando o respecto e a tolerancia ante as opinións diversas, e fomentando o pensamento crítico, non dando por válida ningunha teoría sen fundamento e cuestionando toda perspectiva única..

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Día da Filosofía.	De cara a celebrar o día da filosofía levarase a cabo unha actividade prologanda no tempo de correspondencia filosófica entre o alumnado deste centro e alumnado da cidade autónoma de Ceuta.	X		
Olimpiada de Filosofía	Promoveremos que o noso alumnado participe na Olimpiada de Filosofía que se celebra en Galicia ao incluír dentro dos traballos de investigación a posibilidade de realizar traballos para mandar as olimpiadas de Filosofía e que en caso de ser seleccionados implicarían levar ao alumnado participante fóra do centro, en concreto a facultade de filosofía da USC situada en Santiago de Compostela.	X	X	X
Semana Galega de Filosofía	Promoveremos que o noso alumnado asista algún día a Semana Galega de Filosofía que se celebra en Pontevedra todos os anos tras a Semana Santa.			X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado
Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado
Metodoloxía empregada
Conseguíuse a participación activa de todo o alumnado
Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar
Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino-aprendizaxe
Avalíase eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación...
Dáselle ao alumnado a posibilidade de ver e comentar os seus acertos e erros
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos etc
Medidas de atención á diversidade
Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación

Descrición:

A valoración pode ser: insuficiente, suficiente, notable, excelente.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

INDICADORES DE LOGRO DA PROGRAMACIÓN A TER EN CONTA PARA A SÚA AVALIACIÓN E PROPOSTAS DE MELLORA

1. Adecuación do deseño das unidades didácticas a partir dos elementos do currículo
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas
4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades
5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar
6. Asignación a cada estándar do peso do peso correspondente na cualificación
7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación
8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver
9. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento
10. Adecuación da secuencia de traballo na aula

11. Adecuación dos materiais didácticos utilizados
12. Adecuación do libro de texto
13. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba
14. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares
15. Adecuación do procedemento de acreditación de coñecementos previos
16. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos de investigación e actividades
17. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación
18. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final
19. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria
20. Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes
21. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes
22. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar
23. Adecuación dos programas de apoio, recuperación etc vinculados aos estándares
24. Adecuación das medidas específicas ao alumnado con NEAE
25. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolas previstas
26. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos
27. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción
28. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso
29. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro
30. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia

Estes indicadores de logro poden valorarse de insuficiente, suficiente, notable e excelente.

9. Outros apartados